

BASES LEGAIS DO CONCURSO “ENTROIDO NA CASA”

(FACEBOOK E INSTAGRAM DA A.C.XACARANDAINA)

A A.C. XACARANDAINA con domicilio social en R/ Historiador Vedía 3 soto 1º 15004 (A Coruña) organiza o concurso “Entroido na casa”.

❖ Obxecto e mecánica do concurso

O procedemento a seguir para participar no concurso é o seguinte:

- Ser seguidor/a da nosa páxina de Facebook e/ou do noso perfil de Instagram.
- Entrar na publicación do concurso “Entroido na casa” (no Facebook e/ou no Instagram) e darlle a “Gústame”.
- Responder á pregunta: “Cal sería o teu disfrace para este entroido?” (Pódese participar tanto no Facebook coma no Instagram para así aumentar as posibilidades de gañar).

❖ Requisitos para participar

Poderán participar no concurso todas as persoas que residan en España, sigan a conta de Instagram e/ou de Facebook da A.C. Xacarandaina e contén cun perfil de usuario real en devanditas redes sociais.

❖ Duración do concurso

Do 12/02/2021 ao 18/02/2021 (ambos os dous incluídos).

❖ Selección do gañador, comunicación e entrega

Haberá un único/a gañador/a, que será escollido/a de maneira aleatoria entre os comentarios das publicacións do sorteo a través da app “easypromos” o 19/02/2021.

A A.C. Xacarandaina porase en contacto co/a gañador/a para comprobar a súa identidade e pediralle conformidade para comunicar publicamente o resultado do concurso no Facebook e Instagram, na publicación do sorteo. Así mesmo, concretarase a forma de recibir o premio.

Se non se lograse contactar co/a gañador/a nun prazo máximo de 3 días, ou este renunciara ao premio, seleccionárase un/a novo/a gañador/a, perdendo o dereito a reclamar o premio.

❖ Premio

Lote de produtos de Xacarandaina (chaveiro, *landyar*, prato, abano, bolígrafo e camiseta do 40ª aniversario)

❖ **Reservas e limitacións**

A Asociación organizadora quedará exenta de toda responsabilidade polos danos e prexuízos que se puidesen ocasionar durante o desfrute do premio.

❖ **Protección de datos**

Os datos suministrados polos/as participantes serán tratados confidencialmente e recompilados nun ficheiro de datos de carácter personal, sendo a A.C. Xacarandaina titular e responsable de dito ficheiro, coa única finalidade de xestionar o presente sorteo.

A.C. Xacarandaina garante o cumprimento íntegro da Lei Orgánica 3/2018, do 25 de maio de Protección de Datos de Carácter Personal no tratamento dos datos persoais recollidos durante o concurso, en especial polo que se refire á atención do exercicio dos dereitos de información, acceso, rectificación, oposición e cancelación de datos persoais dos/as concursantes.

❖ **Aceptación das bases**

A simple participación no concurso implica a aceptación das presentes bases legais, polo que a manifestación de non aceptación da totalidade ou parte das mesmas implicará a exclusión do/a participante e, como consecuencia, a A.C. Xacarandaina quedará liberada do cumprimento da obriga contraída con dito/a participante.

❖ **Desvinculación con respecto a Instagram e Facebook**

Facebook e Instagram non patrocinan, nin avalan, nin administran de modo algún esta promoción, nin están asociados a ela. O/a usuario/a desvincúlase totalmente de Facebook e Instagram e é consciente de que está proporcionando a súa imaxe á A.C. Xacarandaina e non ás redes sociais mencionadas. A información que proporcione utilizarase para xestionar a participación do/a concursante e a comunicación do/a gañador/a do sorteo.